

COMO SER UN CINÉFILO/A OU PARECELO

Logo das recomendacións de lecturas e viaxes virtuais, para esta fin de semana queriamos algo especial por iso pensamos en cinema e pedímoslle a un crítico de cine que nos fixera unhas recomendacións de diferentes filmes para poder logo gabarnos de ser unhas entendidas na sétima arte.

Isto é o que nos propón, como podes ver cine diferente, non comercial e de distintos países, características, directores, temática, época, seguro que se o ves todo ou case todo podes logo presumir de ser unha experta/o:

Todas son películas que se poden ver desde o sofá da casa de xeito legal e gratuíto:

1) O festival de cinema SACO de Oviedo promoveu varias proxeccións en liña de filmes mudos de cineastas pioneiros con música creada para a ocasión por distintos artistas asturianos. Hai sete, que se poden ver aquí: <https://vimeo.com/sacoovd>. Especialmente recomendábeis son a curta de Harold Lloyd *¿NÚMERO, POR FAVOR?* <https://vimeo.com/405368146> e a de Buster Keaton *UNA SEMANA* <https://vimeo.com/406486128> Todos os filmes teñen uns pequenos textos introdutorios.

2) O portal Novo Cinema Galego puxo a disposición de todo o mundo unha ampla selección de filmes de produción galega que encaixan dentro da etiqueta do "Novo Cinema Galego", e que en moitos casos pasaron por grandes festivais internacionais e mesmo foron premiados. Hai curtas e longas de todo tipo. Esta é a ligazón: <http://novocinemagalego.info/10anosncg/>

3) A distribuidora portuguesa Medeia Filmes está ofrecendo películas do seu catálogo en versión orixinal subtitulada en portugués por tempo limitado: cada dous ou tres días poñen unha nova. Nesta semana ofrecen tres clasicazos do cinema francés. Máis info: <http://medeiafilmes.com/noticias/ver/noticia/quarentena-cinefila-o-que-esperar-da-semana-6/>

4) A Filmoteca Española está difundindo algúns filmes pouco coñecidos de produción española a través de Vimeo. Cambian cada poucos días. O canal de referencia é este: <https://vimeo.com/channels/1546070>

5) A Cinemateca Portuguesa está poñendo en liña filmes portugueses e materiais museísticos da súa colección, e mesmo materiais pensados para os máis pequenos. Cambian a proposta cada semana. Máis información: [http://www.cinemateca.pt/Cinemateca/Destaques/Gestos-Fragmentos-filmes,-outras-pecas-museogr-\(1\).aspx](http://www.cinemateca.pt/Cinemateca/Destaques/Gestos-Fragmentos-filmes,-outras-pecas-museogr-(1).aspx)

6) La Filmoteca da UNAM en México ofrece algunhas películas de diferente valor histórico do cinema mexicano <https://www.filmoteca.unam.mx/cine-en-linea/> Especialmente recomendábel é o melodrama criminal *LA OTRA*, unha obra mestra de Roberto Gavaldón, cineasta ao que lle dedicou o ano pasado a súa retrospectiva o Festival de San Sebastián. <https://www.filmoteca.unam.mx/cine-en-linea/la-otra/>

7) Hai non poucos filmes americanos que son de dominio público e que polo tanto poden ser usados libremente. É o caso de *THE HITCHHIKER*, clásico do cinema negro dos 50

dirixido pola actriz e cineasta Ida Lupino: <https://www.loc.gov/item/mbrs00047382/> Outro exemplo de filme en dominio público e que representa unha vertente pouco coñecida é a dos "race films", filmes feitos por cineastas negros e dirixidos sobre todo a un público negro que, xa desde os anos 20, empezaba a organizarse como colectivo cos seus propios intereses e exixencias. Un dos pioneiros é o afroamericano Oscar Micheaux, que no período mudo e nos primeiros anos do sonoro se mantivo como creador dunha interesante colección de películas, entre elas esta, WITHIN OUR GATES, tamén na colección da Biblioteca do Congreso: <https://www.loc.gov/item/mbrs00046435/> Están en inglés... Como é o teu dominio da 1ª lingua estranxeira? Poderás velo e entendela?

8) A parella Charles e Ray Eames é unha lenda do deseño gráfico e de mobiliario do século XX, mais tamén fixeron curtas. Varias delas poden verse no seu canal de Youtube. A mellor e máis coñecida, POTENCIAS DE 10, pode verse aquí con subtítulos en galego: <http://actodeprimavera.blogspot.com/2016/05/powers-of-ten-charles-ray-eames-1977.html>

9) E rematamos cunha recomendación só para xs que escolleron como optativa a 2ª lingua estranxeira, o francés. A Cinémathèque française permite descubrir en liña algúns filmes pouco coñecidos a través dun sitio creado expresamente: <https://www.cinematheque.fr/henri/> En francés, por suposto.